

Chloris chloris (Linnaeus, 1766)

| | |
|--|---------------------|
| | verderolo |
| | verderón común |
| | txorru arrunta |
| | verdum |
| | european greenfinch |
| | verdilhão |



| FILO | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|----------|-------|---------------|--------------|----------------|
| Chordata | Aves | Passeriformes | Fringillidae | <i>Chloris</i> |

ALIMENTACIÓN

Sementes e polpa de froitas carnosas; complementa a dieta dos polos con insectos.

COMPORTEAMENTO

Fai o seu niño nunha árbore ou arbusto, con forma de copa e utilizando como materiais herba, musgo e raíces. Ambos sexos participan da súa construción.

REPRODUCCIÓN

Celo de marzo a agosto. Dúas ou tres postas ao ano, de 3-8 ovos que a femia incuba durante 11-15 días. Os polos son capaces de voar despois de dúas semanas, momento no que o macho os segue a alimentar mentres a femia comeza unha nova posta.

HÁBITAT

Medios con árbores dispersas, especialmente plantacións de froiteiras.

DISTRIBUCIÓN

Case toda Europa (menos Escandinavia) e norte de África.

CURIOSIDADES

Trátase dunha ave que non fuxe dos ambientes humanizados, polo que a súa presenza é común en xardíns e bisbarras das poboacións, sempre que haxa árbores. En inverno vai en grupo, con bandos monoespecíficos ou mesturados con outras granívoras en busca de sementes de herbas adventíceas. Este gregarismo mantense atenuado na época de cría existindo niños moi pretos entre si cuxos propietarios se toleran entre.

Na península ibérica aparecen as formas *C. chloris* “vanmarli” e “aurantiiventris”. En menor medida e como invernantes poden aparecer as formas “chloris” e “harrisoni”.



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

| | |
|--------------------|--------------|
| Peso | 26 g |
| Lonxitude | 15 cm |
| Envergadura | 24,5-27,5 cm |